



QUE SE FAI

NO ENSINO NOS DEMAIS PAÍSES

CON MÁIS DUNHA LINGUA OFICIAL? (I)

JOSÉ MANUEL POUSADA. *Vicepresidente de Galicia Bilingüe e profesor de Física e Química*

En anteriores artigos referínme de maneira sucinta ás políticas lingüísticas que se aplican no ámbito do ensino nos países nos que existen dous ou máis comunidades lingüísticas formadas por nacionais, caso no que adoita recoñecerse coma oficiais as respectivas linguas, se a comunidade lingüística correspondente constitúe unha apreciable proporción da poboación. Chegou o momento de abordar con maior detalle este ámbito dos dereitos lingüísticos, aínda que temo que non bastará cunha primeira entrega, senón que será necesaria unha segunda. Neste artigo deixaremos patente que *España é un caso anómalo sen parangón no mundo civilizado* e iso é debido, fundamentalmente, a que, polo menos implícitamente, asumíuse o paradigma falaz e radicalmente incompatible cun réxime democrático, de que as linguas son os suxeitos dlos dereitos lingüísticos, de xeito que os poderes públicos están “lexitimados”, é un dicir, para pór aos cidadáns ao servizo da conservación ou o fomento do uso dunha determinada lingua, con especial fixación, por motivos obvios, na escola. Únase a isto o repugnante adoutrinamiento impune de carácter nacionalista organicista, cando non inducido pola Administración, sufrido por moitos nenos, que intenta facerlles ver que o ser verdadeiramente, por exemplo, galego, está vinculado a asumir como lingua propia o galego, algo que non deixa de ser unha forma de racismo.

Non estaría de máis, para continuar, recordar algunhas cousas que non son opinables:

a) Como mellor e máis rapidamente aprende un alumno unha determinada materia non lingüística é recibindo o seu ensino ns súa lingua materna. Isto non é que sexa evidente, senón que é axiomático.

b) Obrigar a un alumno a recibir o ensino nunha lingua diferente da súa, o que tecnicamente denomínase inmersión, supón para el un dobre custe de oportunidade, para un deter-

minado esforzo, desde el punto de vista pedagógico; a saber: **b.1)** Acadar un menor grao de aprendizaxe na materia en cuestión.

b.2) Acadar un menor dominio da súa lingua, especialmente no rexistro culto da mesma e sobre todo no ámbito do léxico e das construcións lóxicas específicos da materia estudada. Por que, entón, vai preferir un neno – ou os seus pais, que tutelan os seus dereitos - recibir o ensino dunha materia nunha lingua diferente da súa? Só se me ocorre unha razón: porque ten interese en aprender especialmente ben a lingua de inmersión, xa que, tamén semella evidente que, agás en casos excepcionais, canto máis materias reciba un alumno nunha lingua diferente da súa, mellor competencia terá naquela. Por que cren vostedes que hai moitas persoas no mundo que se someten a inmersión nunha lingua coma o inglés e non en linguas moi pouco faladas no mundo?

Pasemos, pois, para demostrar que o que acontece nalgunhas partes de España é unha auténtica anomalía sen a menor razón que a xustifique ou

lexitime, a facer unha análise das políticas aplicadas noutros países, comezando por cinco europeos que ratificaron a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (CELRM) nunos trmos similares aos de España respecto ás linguas rexionais cooficiais.

Comecemos por aclarar que a CELRM non é un tratado ao uso, xa que, á hora de ratificalo, que é algo voluntario e non facelo non carrega sanción algunha, permítese a cada país que elixa, entre un catálogo, que grao de compromiso desexa adquirir á hora de que os falantes de linguas que nese país teñen carácter de rexionais ou minoritarias gocen de certos dereitos ao relacionarse coa Administración e ao recibiren os servizos públicos, con especial incidencia no ensino, na súa lingua.

España ratificou a Carta en 2001, e no que se refire ao ensino adquiriu os compromisos máis esixentes: dereito a recibir

España é un caso anómalo sen parangón no mundo civilizado

todo o ensino na lingua rexional cooficial por parte dos alumnos cuxos pais así o desexen. Insisto, por parte dos alumnos cuxos pais así o desexen, porque neste punto é onde manipulan sen recato e sen parar os ámbitos nacionalistas, dando a entender que a Carta obriga a que, nol caso de Galicia por exemplo, todos os alumnos teñen que recibir todo (ou case que todo) o ensino en galego. Menten descaradamente. É máis, a Carta nin sequera esixe que se obrigue aos non falantes da lingua rexional residentes no territorio onde esta se fala a estudala de maneira obrigatoria (o artigo 7.1.g da Carta é moi claro ao respecto).

Temos que recordar, ademais, que nin sequera o TC atreveuse na súa, chea de despropósitos xurídicos, STC 337/1994, a avalar coma constitucional que se poida obrigar a todos os alumnos a recibir todo o ensino na lingua rexional cooficial. Chegados a este punto, e dado o establecido nol FX 1 da STC 137/1986, temo que a única maneira de que en España se cumpran os compromisos adquiridos ao ratificar a CELRM – e que son dereito interno, segundo o artigo 96.1 da CE – é implantar un modelo de libre elección de lingua no ensino onde existan dúas linguas cooficiais (tres no caso do val de Arán). E isto é así, por moito que tribunais e asesores gubernamentais se empeñen en cortar, de xeito malicioso e interesado, as citas da STC 137/1986, tomándonos a todos por, non xa analfabetos xurídicos, senón por analfabetos funcionais ou algo peor.


Cúmpranse en Galicia os compromisos adquiridos por parte de España ao ratificar a CELRM? Por suposto que non, como denuncia nos seus informes o Consello de Europa, aínda que a Xunta se empeñe no propio Decreto 79/2010 en dar a entender o contrario. Ten que haber en Galicia un ensino para todos os alumnos no que o galego sexa a única, ou case que a única, lingua vehicular para cumprir tales compromisos, como se afirma desde certos sectores? Por suposto que non, como xa dixen antes; e para comprobar quen mente e quen non, convídoos a que lean os informes emitidos polos Comités de Expertos do Consello de Europa referidos á aplicación da Carta en España, que son tres ata agora. Os dos anos 2005, 2008 e 2011. En concreto, basta con ler o parágrafo 484 do informe de 2005, referido ao modelo vasco de libre elección, sobre o papel, entre tres vías; o parágrafo 1035 do informe de 2008, referido ao caso concreto de Galicia; e xa máis recentemente, os parágrafos 256, 257 e 953 do informe de 2011, referido especificamente a Galicia el último deles, e curiosamente, o 257 fai a mesma interpretación que eu das sentenzas do TC á hora da súa compatibilidade co cumprimento dos compromisos adquiridos. Os informes pódense consultar no seguinte enlace:

<http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/>

Entremos na análise prometido dos cinco países que ratificaron a Carta respecto a determinadas linguas en términos semellantes aos de España respecto ás linguas rexionales cooficiais:

a) Finlandia respecto ao sueco.

Mapa lingüístico de Finlandia




O sueco é oficial en toda Finlandia. Isto sorprende se se ten en conta que os suecófonos son menos do 6 % da poboación finlandesa e están concentrados na parte sudoccidental do país. Esta singularidade “finlandesa” (o normal sería, seguindo os criterios dos demais países, que o sueco fose oficial só nas rexións onde hai apreciable poboación suecófona) explícase porque Finlandia estivo baixo dominio sueco durante nada menos que uns 700 anos, e a única lingua “oficial”, de facto polo menos, durante ese período (e aínda durante os 50 primeiros anos de soberanía rusa) usada foi o sueco (a salvo de que se utilizase o latín, xa que o primeiro libro en sueco foi escrito a finais do século XV). Únase a isto que Finlandia ten 5,3 millóns de habitantes, que Suecia é un dos seus veciños e ten 9,5 millóns, e que o coñecemento do sueco permite unha aceptable comunicación cos falantes doutras linguas coma o danés ou o noruegués (nas súas dúas variantes), ademais de facilitar o coñecemento do alemán e calquera outra lingua xermánica; por outra banda, o finés é unha lingua só emparentada cercanamente co estonio (1,1 millón de falantes) e Estonia non ten sido nin durante 50 anos un país independente. Dito o anterior, convén facer notar que a oficialidade do sueco en toda Finlandia é relativa e, en todo caso, redúcese aos organismos de carácter “estatal”. Que quere dicir isto? Pois que a prestación de servizos como o ensino é competencia dos municipios e para que as dúas linguas sexan oficiais nun municipio necesítase que a menos falada sexa polo menos a do 8 % dos habitantes ou un número absoluto de 3.000. Só, en principio, nestes municipios “bilingües” garántese (nos unilingües esíxese un mínimo de 18 alumnos para a lingua non oficial no municipio) o dereito dos pais a elixir a lingua vehicular, estudándose a outra como materia obrigatoria. Por suposto que Finlandia é felicitada polo Consello de Europa por cumprir de maneira moi satisfactoria os compromisos adquiridos.

Quiro destacar que desde hai uns anos tomou corpo un movemento, Pois Pakkoruotsi, que esixe que o sueco non sexa obrigatorio nas rexións nas que non se fala, xa que os afectados prefiren dedicar a correspondente carga horaria a estudar linguas estranxeiras moi faladas e de maior interese para os alumnos no seu proxecto de vida. Lóxico, por outra banda.

b) Reino Unido respecto ao galés.

Porcentaxes de falantes de galés



En Gales teñen carácter oficial o galés e o inglés e na esoea os pais poden optar entre un ensino en galés, un ensino en inglés ou un no que ambas as dúas linguas se empregan coma vehiculares. Todo está suxeito á existencia dunha demanda limiar. Arredor dn 25 % dos alumnos reciben o ensino total ou parcialmente en galés e o resto prefire o inglés, aumentando a preferencia por esta lingua a medida que se avanza nos cursos. Ambas as dúas linguas son materias de estudo obrigatorias. Nos informes do Consello de Europa lóubase o modelo de Gales.

c) Eslovenia respecto ao italiano.


Mapa lingüístico de Eslovenia



O italiano ten carácter de lingua rexional oficial nunha pequena parte de Eslovenia fronteiriza con Italia. Nesta rexión os pais teñen dereito a elixir en que lingua reciben o ensino os seus fillos. Os que elixan esloveno han cursar un par de horas semanais de italiano, o cal provoca eloxios nos informes do Consello de Europa á hora de avaliar o cumprimento por Eslovenia dos compromisos adquiridos.

d) Eslovaquia respecto ao húngaro.


Hungarófonos en Eslovaquia (2011)



O húngaro é falado nunha parte de Eslovaquia e, aínda que non goza de recoñecemento de oficialidade, a ratificación da CELRM recoñece o dereito dos que así o desexen a recibir todo ou parte do ensino en húngaro. Aquí o dereito está condicionado a que os hungarófonos sexan polo menos o 25 % da poboación da zona. As únicas obxeccións que formilan os informes do Consello de Europa refírense a que algúns alumnos de vilas pequenas teñen que desprazarse moitos quilómetros para exercer o dereito a estudar en húngaro ou teñen que facelo en aulas creadas dentro dun centro eslovacófono.

e) Romanía respecto ao alemán e ao húngaro.

Xermanófonos e hungarófonos en Romanía



Nalgunhas partes de Romanía existen, entroutras, comunidades lingüísticas xermanófonas e hungarófonas. Alemán e húngaro só teñen certo recoñecemento de oficialidade a nivel local; pero no ámbito do ensino os compromisos adquiridos supoñen o recoñecemento do dereito a recibir o ensino en alemán ou en húngaro aos que así o desexen, sempre e cando haxa unha demanda razoable. No caso de elixir la ensino nunha destas linguas, tense que estudar a fondo o románés como materia.

Cumpliría España os seus compromisos onde hai linguas rexionais cooficiais se se aplicasen as propostas de Galicia Bilingüe? Por suposto que si, e quen o negue mente ou non sabe de que fala. España sería mesmo felicitada nos informes de dito Consello. E tamén cumpriría coa Resolución (unha especie de recomendación) do Parlamento Europeo, de 11 de setembro de 2013, sobre as linguas europeas ameazadas de desaparición e a diversidade lingüística na Unión Europea.

Como xa dixen anteriormente, estes datos poden comprobarse sen máis que consultar os diferentes informes do Consello de Europa para os respectivos países, dispoñibles no enlace que proporcionei máis arriba.

Como aínda queda espazo, gustárame analizar o modelo irlandés. En Irlanda hai dúas linguas oficiais en todo o territorio, agás nos *Gaeltacht* (unhas pequenas áreas onde só é oficial o irlandés), o inglés e o irlandés, sendo esta a lingua materna de non máis do 5 % dos irlandeses, sen que iso signifique, en absoluto, que os que teñan como súa o inglés sexan menos ou peores irlandeses. De feito, os mellores escritores irlandeses, e son moitos e moi bos, escribiron en inglés, coma os mellores escritores galegos, empezando por Valle-Inclán, escribiron en español.




Distribución dos territorios denominados "Gaeltacht".

En Irlanda existe o derecho a elixir a lingua vehicular no ensino e unha aplastante maioría do 95 % elixe ensino en inglés. Ademais, desde hai uns anos, xurdiu un movemento, entre cuxos partidarios está o actual primeiro ministro, Enda Kenny, para pedir que o irlandés deixe de ser materia obrigatoria en Bacharelato. Supoño que só os fanáticos de sempre farán acusacións de irlandofobia (o malo con Enda Kenny é que, polo visto, resulta ter unha moi alta competencia en irlandés) aos integrantes deste movemento. E non é que os que o integran non queiran aprender máis idiomas có inglés, non; simplemente alegan que o tempo e o esforzo dedicado a aprender irlandés poderían dedicalo a aprender linguas estranxeiras moi faladas no mundo. Lembran o movemento *Pakkoruotsi* de Finlandia?

Para dar un toque "exótico", trasladarémonos a Hong Kong, moi ben clasificado en PISA. Alí hai dúas linguas oficiais, inglés e chinés (o cantonés no ámbito oral e o mandarín no escrito, algo curioso). Pois os país teñen dereito a elixir en que

lingua oficial reciben o ensino os seus fillos. En primaria a inmensa maioría elixe o cantonés, por ser a lingua materna de case que o 90 % da poboación, pero en secundaria o 75 % elixe o inglés, e o goberno tivo que recuar, ante as protestas dos pais, cando intentou que estudasen en cantonés os que preferían facelo en inglés, lingua materna de menos do 4 % da poboación (e temo que non elixirían estudar en tagalo, aínda que tamén hai unha minoría tagalófona e iso se permítise). Xa ven.

O caso noruegués ten o seu morbo porque alí tamén "cocen fabas" e prodúcense "roces lingüísticos". Hai dous idiomas noruegueses, máis ben dúas variantes do mesmo idioma (o bokmål e o nynorsk), cuxa similitude é comparable á que hai entre o galego e o español. Pois ben, nos municipios neutros (lingüísticamente) son os pais os que, en referéndum, elixen que variante se emprega no ensino (segundo o noso "*brillante*" TSXG, *os poderes públicos están abdicando gravemente do seu deber de elaborar unha "programación xeral" do ensino e, a todo isto, Noruega está mellor clasificada que España en PISA*).



Mapa das formas oficiais de noruegués nos municipios: bokmål en laranxa, nynorsk en azul e neutros en gris.

Nunha segunda entrega gustárame analizar os modelos lingüísticos no ensino doutros países, algúns deles moi ben clasificados nos informes PISA, como os casos de Italia (Alto Adige), Hungría, Singapur, Ucraína e, con especial atención, os de Canadá (moi especialmente o caso de Quebec), Bélxica, Suíza e Luxemburgo, xa que estes catro últimos adoitan ser exemplos citados de xeito tramposo, falseando a realidade ou ocultando datos, polos sectores defensores dos modelos que padecemos en España. E se o espazo o permite, ata podemos referirnos a algúns países africanos, resaltando o caso da República Surafricana e o modelo alí implantado por Nelson Mandela, quen, segundo os criterios dos "nossos" nacionalistas era un "perigoso" "segregacionista", ¡Pobre "*Madiba*"!, e rematar nas antípodas, en Nova Zelandia. Pero iso será noutro artigo. ●